

CONCELLO PLENO ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO.
ACTA NUMERO: 2023/013
CARÁCTER: ORDINARIA
DATA: 11 de xullo de 2023.

Na Casa do Concello sendo as 20,01 horas do día **11 de xullo de 2023** réunese o Pleno en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do **Sr. Alcalde D. Daniel VEGA PEREZ** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Polo Partido Popular

D. Daniel Vega Pérez (Alcalde)

D^a Begoña Sanjurjo Santar

D^a Marta María Saiz García

D^a Montserrat Seijo Díaz

D. Diego dos Santos Rodríguez

D^a María Elena Sierra Pulpeiro

D. Francisco José Silvent Villalba

Polo Bloque Nacionalista Galego

D. Pablo Vizoso Galdo

D. Vicente Castro Reigosa.

Concelleiros que toman posesión polo BNG

Marcos Antonio Villamil Martínez

Martin Graña Pérez

Raquel Ferreira Alvarez.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey (Disculpa ausencia)

Secretario Xeral:

D. José A. Carro Asorey

Interventora:

D^a María Cristina González Santín.

Técnico de Admón. Xeral.

D. José Rodil Veiga



O Sr. Alcalde disculpa a ausencia da concelleira do PSG-PSOE D^a. Marta García Rey

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:

- EXTRAORDINARIA CONSTITUCIÓN NOVA CORPORACIÓN 2023/10 DE DATA 17 DE XUÑO 2023.
- EXTRAORDINARIA 2023/11 DE ORGANIZACIÓN DO CONCELLO DE DATA 22 DE XUÑO DE 2023
- EXTRAORDINARIA 2023/12 DE DATA 26 DE XUÑO DE 2023.

A totalidade dos membros da Corporación presentes recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.-EXPEDIENTE NÚM. 2590/2023 RELATIVO Á TOMA DE POSESIÓN DE CONCELEIROS ELECTOS POLO BNG.

Por Secretaría dase conta da recepción procedente da Xunta Electoral de Zona das credenciais dos concelleiros electos polo BNG nas pasadas eleccións de 28 de maio de 2023 e que figuraban na lista cos números 6 Marcos Antonio Villamil Martínez, núm. 7 Martín Graña Pérez e núm. 8 Raquel Ferreira Alvarez.

Formuláronse as correspondentes declaracións ao Rexistro de Intereses y de causas de posibles incompatibilidades polo que poden tomar posesión, previo xuramento ou promesa, dos seus cargos.

De conformidade co establecido na formula para xuramento ou promesa do R.D. 107/1979 de 5 de abril e previo chamamento D. Marcos Antonio Villamil Martínez, promete, D.Martín Graña Pérez promete por imperativo legal e Dona Raquel Ferreira Alvarez promete por imperativo legal; quedando posesionados dos seus cargos de Concelleiros.

3.-EXPEDIENTE NÚM. 2591/2023 REPRESENTANTES NO CONSELLO DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DA PROVINCIA DE LUGO.

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“Unha vez constituída a nova Corporación Municipal o pasado día 17 de xuño de 2023 procede a designación de **representantes municipais en diferentes organismos** nos que se precisa representación desta entidade,

Vista comunicación da Xerencia territorial do Catastro,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL



A designación para formar parte do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria na provincia de Lugo, dos seguintes Concellos:

Ribadeo, Xove e Ferreira de Pantón. “

A Corporación, por sete votos a favor (dos membros do Grupo Popular) e cinco abstencións (dos membros do Grupo BNG) acorda prestar aprobación á proposta de feferencia.

4.-EXPEDIENTE NÚM.2770/2023 REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO ESCOLAR DO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS.

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcscribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA.-

Unha vez constituída a nova Corporación Municipal o pasado día 17 de xuño de 2023 procede a designación de **representantes municipais en diferentes organismos** nos que se precisa representación desta entidade,

Concretamente solicitouse por parte do Colexio Sagrado Corazón de Jesús a representación municipal no Consello Escolar do centro,

Por isto PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL

Que se adopte o acordo de designar representantes municipais titular e suplente para o referido Centro a:

Titular: Concelleira Marta María Saiz García.

Suplente: Concelleira Montserrat Seijo Díaz.

A Corporación, por sete votos a favor (dos membros do Grupo Popular) e cinco abstencións (dos membros do Grupo BNG) acorda prestar aprobación á proposta de feferencia.

5.- EXPEDIENTE NÚM. 2781/2023 RELATIVO A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 40/2023.

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento desta Corporación do exercicio en curso, consistente nun suplemento de crédito por importe de 83.076,38€ sendo necesario dotar de consignación orzamentaria suficiente para cancelar as operacións de crédito pendentes de utilización, financiadas con baixas doutros gastos nos termos do artigo 177.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando o disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto o informe da Intervención, de data de asina do documento electrónico.



PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN O SEGUINTE ACORDO

1. Que se proceda á aprobación inicial polo Pleno do **SUPLEMENTO DE CRÉDITO 03/2023** por importe de 83.076,38€, conforme ao seguinte detalle:

INCREMENTO DO GASTO

Aplicación	Concepto	Importe
011.913	Cancelación operación crédito 2021 e 2022	83.076,38
TOTAL		83.076,38

BAJA DE CRÉDITOS

Aplicación	Concepto	Importe
342/61900	Inversións	465,40
1532/61900	Inversións	0,00
165/62300	Inversións	428,06
334/62200	Inversións	11.811,06
4312/62200	Inversións	10.000,00
454/61900	Inversións	9.270,62
924/62200	Inversións	1.720,55
161/61900	Inversións	925,31
231/62200	Inversións	0,00
171/61900	Inversións	1.996,16
PENDENTE OPERACIÓN CRÉDITO 2021		36.617,16
342/61900	Inversións	489,87
151/60000	Inversións	13.154,45
165/62300	Inversións	17.342,14
1532/61900	Inversións	272,76
454/61900	Inversións	0,00
334/62200	Inversións	15.200,00
PENDENTE OPERACIÓN CRÉDITO 2022		46.459,22
TOTAL		83.076,38

2. Exposición pública do expediente por un prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia.
3. Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións. Noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
4. Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.
5. Simultaneamente o envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

Previa deliberación entre o Concelleiro D.Vicente Castro Reigosa e informe verbal da Intervención a Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación á Proposta transcrita nos seus propios termos.

6.- EXPEDIENTE NÚM. 2782/2023 RELATIVO A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 41/2023.


Dase conta da proposta da Alcadia que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento desta Corporación do exercicio en curso, consistente nun suplemento de crédito por importe de **385.233,59€** sendo necesario dotar de consignación orzamentaria suficiente para facer fronte as necesidades existentes e non se poden demorar a ta o exercicio seguinte, debe efectuarse un suplemento de credito financiado co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Considerando o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto o informe da Intervención, de data de asina do documento electrónico.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN O SEGUINTE ACORDO

1. Que se proceda á aprobación inicial polo Pleno do **SUPLEMENTO DE CRÉDITO 04/2023** por importe de **385.233,59€**, conforme ao seguinte detalle:

INCREMENTO DO GASTO

Aplicación	Concepto	Importe
342/619.00	ACTUACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE HANGAR DE PIRAGUISMO NA PRAIA DE OS	24.233,59
432/226.27	Ribadeo Indiano	90.000,00
171/625.00	RENOVACIÓN EQUIPAMENTO PARQUE INFANTIL	32.000,00
153/625.00	RENOVACIÓN ENTORNO PARQUE SAN FRANCISCO, RÚA SAN FRANCISCO E PRAZA PANCHO MASEDA	40.000,00
342/619.00	CAMPO DE OUTEIRO DE A DEVESA	50.000,00
342/619.00	PAVILLÓN DEPORTES CUBELAS	20.000,00
231/624.00	ELEMENTOS TRANSPORTE	10.000,00
912/626.00	EQUIPOS INFORMATICOS	6.000,00
920/641.00	GASTOS APLICACIONES INFORMATICAS	13.000,00
3121/623.00	RESIDENCIA TOLDOS E CENADOR	20.000,00
920/619.00	OBRAS REPOSICION NO CONCELLO	30.000,00
231/619.00	MELLORAS NO CENTRO DE DÍA	50.000,00
TOTAL		385.233,59

INCREMENTO DE INGRESOS

Concepto	Denominación	Importe
870.00	RTGX	385.233,59
TOTAL		385.233,59



2. *Exposición pública do expediente por un prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia.*
3. *Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións. Noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.*
4. *Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.*
5. *Simultaneamente o envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.*

O Sr.Alcalde fai unha ampla exposición de cada un dos conceptos que se inclúen nesta Modificación orzamentaria intervindo posteriormente o Concelleiro Sr.Castr Reigosa do Grupo do BNG que sinala que non tiveron información suficiente aínda que se agradece agora a exposición da Alcaldía.

Rematada a deliberación é sometida a votación aprobándose por sete votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e cinco abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, nos propios termos da mesma.

**7.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL):
A) DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA ENTRE O
17 DE XUÑO E O 5 DE XULLO DE 2023 (EXPEDIENTE NÚM. 2793/2023).**

A Corporación queda enterada dos decretos ditados pla Alcaldía-Presidencia, no exercicio das súas competencias, no período citado.

DECLARACIONES DE URXENCIA.-

**1.-PROPOSTA MODIFICACIÓN PLAN ESTRATEXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE
RIBADEO 2021-2023. EXPEDIENTE NÚMERO 891/2023.-**

Dase conta do Informe que se transcribe acordándose, por unanimidade dos membros da Corporación presentes, o seu tratamento de urxencia.-

“INFORME ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

Vistas as necesidades existentes e as variacións que temos que ir realizando a medida que imos xestionando, e nomeadamente nesta ocasión unha necesidade derivada dun compromiso dunha subvención recibida da Consellería de Emprego e Igualdade, a cal compre xestionar con urxencia.

**SUBVENCIONS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN DE ALUMNADO DERIVADO DO
OBRADOIRO DE EMPREGO “ VILAS COIDADORAS”**

- 1) Axudas en réxime de concorrencia non competitiva concedidas
 - a) Obxectivos: Promover a contratación de alumnado que finalice con apto os certificados de profesionalidade derivados do obradoiro de emprego dual denominado “ Vilas Coidadoras”
 - b) Custos previsibles; 2023:30.000 euros
 - c) Financiamento: O financiamento levarase con fondos da Consellería de Emprego e Igualdade.



d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

2) Obxectivos específicos

a. Promover a formación práctica de persoa que participen no obradoiro de Emprego.

b. Promover a creación de Emprego

3) Persoas/ entidades destinatarias: Empresas do territorio que contraten a persoal do obradoiro de Emprego.

A vista do exposto, propónse a incorporación desta axuda no plan estratéxico de subvencións 2021-2023 do concello de Ribadeo.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación ao informe-proposta nos termos indicados.

2.-EXPEDIENTE NUMS.4340/2022, 4341/2022 e 104/2023 RELATIVOS Á AXUDAS PARA CONCILIACION DA VIDA FAMILIAR E LABORAL.

Dase conta dos expedientes epigrafiados relativos á axudas económicas para a conciliación da vida familiar e laboral:

Dona Paula Cristina Santos Lima, DNI/NIF **2002** por importe de 395,00 €; Dona Beatriz Lombraña Palacios, DNI/NIF **9494** por importe de 180,00€ e dona María Neves Paz Vilar, DNI/NIF **9630** por importe de 672,75 € máximo, nos termos sinalados nos correspondentes expedientes.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda declarar a urxencia do asuntos e pasar ao tratamento do mesmo.

De seguido por unanimidade dos seus membros a Corporación acorda prestar aprobación ás axudas económicas indicadas en cada uno dos expedientes citados.

B) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Sendo as vinte horas e trinta e un minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. DANIEL VEGA PÉREZ

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

